

Expte. n.º 2467/2022

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Logo de ve-la proposta de bases reguladoras elaboradas pola Concellaría da Normalización Lingüística para a convocatoria dun concurso de vídeos denominado **Galeguizando Tik Tok**;

despois de ve-lo art. 4 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e maila súa disposición adicional 10.^a, e logo de ter en conta que neste caso non se trata de premios que se concedan sen a solicitude previa da persoa beneficiaria;

e tras considera-la fiscalización de conformidade da Intervención municipal,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aproba-las bases reguladoras e a convocatoria do **concurso de vídeos Galeguizando Tik Tok** para o ano 2022 que se inclúen como anexo a esta resolución.

SEGUNDO.- Autoriza-lo gasto para a concesión do premio por un importe de 300,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 334.22109.

TERCEIRO.- Dispor que se lles dea difusión ás presentes bases mediante a súa publicación no taboleiro de edictos da corporación, mediante carteis e folletos informativos e outros medios que sexan precisos para o seu xeral coñecemento.

CUARTO.- Dar conta desta resolución á Concellaría da Normalización Lingüística, á Intervención e á Tesouraría, así como ó Pleno da corporación na vindeira sesión que se realizar.

A Pobra do Caramiñal

O alcalde

O secretario

(documento asinado dixitalmente)



Expte. n.º 2467/2022

BASES DO CONCURSO GALEGUIZANDO TIK TOK 2022

1- A Concellaría da Normalización Lingüística do Concello da Pobra do Caramiñal organiza o concurso **Galeguizando Tik Tok**.

2-TRABALLO E FORMATO:

2.1- Os vídeos deberán estar en galego e ter como temática o Día da Patria Galega.

2.2- Os/as participantes deben ter feitos os trece anos ou máis.

2.3- Teñen que ser no formato da aplicación Tik Tok.

2.4- A inscrición e a entrega do vídeo debe ser polo correo electrónico normalizacion.linguistica@apobra.gal

3. INSCRICIÓNS:

3.1 A data límite de inscrición é o día 5 de agosto de 2022.

3.2 Unha vez realizada a inscrición, outorgaráselle a cada persoa un código de identificación para pór no vídeo, para poder garantir unha valoración o máis xusta posíbel.

3.3 A inscrición tense que facer mediante un correo electrónico e debe conte-los seguintes datos:

- a) NOME E APELIDOS
- b) DATA DE NACEMENTO
- c) NÚMERO DE TELF. DE CONTACTO
- d) CORREO ELECTRÓNICO

4-PRAZOS:

4.1-As e os participantes terán de prazo ata 5 de agosto de 2022 para se inscribiren.

4.2- A entrega ou envío dos vídeos farase antes de remata-lo día 15 de agosto de 2022.

4.3- Os vídeos que resultaren gañadores faranse públicos a partir do día 17 de agosto de 2022.

5.- PREMIOS:

5.1 Os premios serán un lote de produtos culturais galegos (música, literatura, cinema, roupa...).

5.2 Hai un total de 3 premios valorados en 100 € cada un:

- Ó máis orixinal
- Ó máis divertido
- Ó máis creativo

6.- XURADO E VALORACIÓNS:

6.1 O xurado estará formado por 3 membros do Concello.



6.2 A valoración dos vídeos será feita integramente polo xurado.

6.3 Se algún traballo presentado non cumprir coas condicións das bases, quedará excluído.

7- A participación no concurso implica a total aceptación destas bases e da valoración do xurado.

8- No cumprimento da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, da protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, os datos proporcionados por cada participante serán incluídos nun ficheiro propiedade da Concellaría da Normalización Lingüística do Concello da Pobra do Caramiñal, para o seu tratamento. Ó participar no concurso consente de forma expresa a incorporación e o tratamento dos ditos datos para a única finalidade da participación no concurso **Galeguizando Tik Tok**. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante un correo electrónico a normalizacion.linguistica@apobra.gal.

9.- As persoas que resultaren gañadoras do concurso, coa autorización expresa de quen teña a súa patria potestade, cédennlle á Concellaría da Normalización Lingüística do Concello da Pobra do Caramiñal os traballos presentados para posteriores exposicións e publicacións.

